Campus A Xunqueira
36005 Pontevedra
España

Tel.: 986 801 752
Fax: 986 801 780

fisioterapia.uvigo.es
sdfisioterapia@uvigo.es
muetf@uvigo.es

REGULAMENTO DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS DO MÁSTER UNIVERSITARIO EN EXERCICIO TERAPÉUTICO EN FISIOTERAPIA (MUETF) DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Artigo 1. Obxecto, réxime xurídico e ámbito de aplicación

1. O obxecto do presente regulamento é o ordenamento das prácticas académicas externas do alumnado do Máster Universitario en Exercicio Terapéutico en Fisioterapia (MUETF) da Universidade de Vigo tendo en conta a normativa vixente da Universidade de Vigo de prácticas académicas externas (29 de abril do 2021) e o RD 592/2014 do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios.

2. Entran dentro do ámbito deste Regulamento todas as prácticas externas realizadas polo estudantado do MUETF da Universidade de Vigo.

Artigo 2. Características das prácticas externas

As Prácticas Externas do MUETF presentan unha soa modalidade e son elas curriculares, que son aquelas que se configuran como actividades académicas integradas como materia dun plano de estudos, tal é o caso da materia Prácticas Externas que conta cunha carga de 9 créditos totais que se imparte no segundo cuadrimestre do devandito máster. Nesta materia os/as alumnos/as para alcanzar as competencias deben realizar un *Practicum* clínico e Cartafol. Para isto, cóntase cunha serie de Centros conveniados para o desenvolvemento do *Practicum* clínico, así como cun/ha coordinador/a. Para unha adecuada xestión das Prácticas Externas do MUETF o Centro a través do "Sistema de Garantía Interna de Calidade" conta cun "Procedemento de xestión das Prácticas Externas".

Artigo 3. Destinatarios/as das Prácticas Externas e requisitos para a súa realización.

Para a realización das Prácticas Externas curriculares, débese estar cursando ou ter superadas as materias obrigatorias do MUETF da Universidade de Vigo.

Artigo 4. Prácticas Externas curriculares (*Practicum* Clínico)

a) Procedemento de adxudicación ao alumnado da entidade colaboradora na que se realizarán as prácticas.

O *Practicum* clínico realízase nos centros conveniados baixo a supervisión da coordinadora de prácticas externas do MUETF. Establécese un rotatorio de seis semanas de duración e unha dedicación semanal de 20 horas o que suman un total de 120 horas a desenvolverse en algún dos diferentes Centros con convenio. O tempo total en semanas pode axustarse en función de outras xornadas acordadas entre o/a titor/a da entidade colaboradora e o/a alumno/a. Os/as alumnos/as asisten en xornada de mañá ou de tarde, onde desenvolven actividades en un contexto clínico relacionado co Exercicio Terapéutico en Fisioterapia e baixo a supervisión do/a coordinador/a de prácticas externas do MUETF (que tamén terá a función de titor/a académico/a da universidade) e do/a titor/a da entidade colaboradora onde se desenvolven as prácticas. A cada centro con convenio acudirá un/ha ou dous/dúas alumnos/as.

Campus A Xunqueira
36005 Pontevedra
España
Tel.: 986 801 752
Fax: 986 801 780
fisioterapia.uvigo.es
sdfisioterapia@uvigo.es
muetf@uvigo.es

Os ámbitos da Fisioterapia onde se desenvolven os diferentes rotatorios son:

- Fisioterapia musculoesquelética
- Fisioterapia neurolóxica
- Fisioterapia en xerontoloxía
- Fisioterapia respiratoria
- Fisioterapia en uroxinecoloxía
- Fisioterapia cardíaca
- Outros

Para a adxudicación aos Centros de realización das prácticas externas o/a alumno/a debe indicar ao/á coordinador/a de prácticas o seu interese referente ao ámbito e ao centro onde a quere realizar e a asignación dos respectivos ámbitos e Centros farase en base a tres criterios de selección nesa orde: 1) nota media do expediente académico do título de Grao en Fisioterapia; 2) antigüidade no título de Grao en Fisioterapia; 3) alumno/a de maior idade.

O/a coordinador/a realizará a distribución dos/as alumnos/as nos respectivos centros e comunicará ao alumnado os destinos asignados a través da plataforma de docencia Moovi. O/a coordinador/a das Prácticas Externas asume a titorización académica do alumnado en conxunto co/a titor/a da entidade colaboradora onde se desenvolvan as prácticas.

b) Responsabilidades na realización e aprobación do proxecto formativo de cada práctica a que se refire o artigo 6 do RD 592/2014 do 11 de xullo.

Encóntranse recollidas na guía docente da materia Prácticas Externas.

c) Proceso para a realización e entrega da memoria final a que se refiren os artigos 13 e 14 do RD 592/2014 do 11 de xullo.

A memoria final do/a estudante realizaranse a través do cartafol, no que o/a alumno/a debe reflexionar sobre o proceso de ensinanza-aprendizaxe, e para elo debe incluír información sobre o tipo de pacientes, avaliación, métodos e técnicas empregadas, informes realizados, a evidencia científica pertinente que corrobore os procesos de avaliación e intervención, etc.. Unha explicación detallada do contido dese informe estará dispoñible no documento Guía Prácticas MUETF e na Guía Docente da materia Prácticas Externas de cada respectivo curso académico. Ademais, o/a titor/a da entidade colaboradora onde realícese as prácticas externas emitirá un informe con contidos que tamén estaranse matizados na Guía Docente da Materia de cada curso académico.

A entrega desta documentación realizarase nas datas indicadas ao inicio do curso académico ao/á coordinador/a de Prácticas Externas que será o/a encargado/a da súa xestión e finalmente da avaliación final (por representar a figura de titor/a académico/a) con base aos criterios definidos na Guía Docente da materia e en conformidade co establecido en la memoria de verificación do MUETF.

d) Proceso para a avaliación e cualificación das Prácticas Externas.

A nota final da materia Prácticas Externas estará formada por un 100% de *Practicum* clínico a través das tres partes da avaliación (cartafol do/a alumno/a, avaliación final dos/as titores/as da entidade colaboradora e avaliación por parte do/a titor/a académico/a). Na Guía Docente de cada curso académico establécense os requisitos que o alumnado debe cumprir para superar a materia de Prácticas externas, ben como

Campus A Xunqueira
36005 Pontevedra
España
Tel.: 986 801 752
Fax: 986 801 780
fisioterapia.uvigo.es
sdfisioterapia@uvigo.es
muetf@uvigo.es

as porcentaxes que representan na totalidade da nota cada un dos informes.

Artigo 6. Recoñecemento académico e acreditación.

1. As Prácticas Externas curriculares recibirán o mesmo tratamento que calquera materia no que se refire o seu reflexo no expediente académico da persoa que a realizou e no Suplemento Europeo ao Título.

2. As Prácticas Externas poderán ser obxecto de recoñecemento e transferencia o mesmo que calquera outra materia. Os criterios para o recoñecemento de créditos serán estabelecidos pola Comisión Académica do MUETF e avaliadas as solicitudes pola mesma comisión.

3. Rematadas as prácticas externas, a Universidade emitirá un documento acreditativo das mesmas que conterá:

a) Titular do documento
b) Entidade colaboradora onde se realizaron as prácticas.
c) Breve descrición da práctica coa súa duración e datas de realización.
d) Actividades realizadas.
e) Avaliación.